

# STOP PRECARIEDAD

## TRABALLO DIGNO E IGUALDADE

Hoxe en día ter traballo xa non permite os ingresos necesarios para vivir dignamente e poder acceder a dereitos básicos como alimentación e vivenda. E entre as persoas máis precarias encóntranse as mulleres, convertidas en man de obra barata, parecendo non ter fin a fenda salarial. Neste sentido, a situación de precariedade das mulleres aínda se ve incrementada cando estas pertencen á súa vez a colectivos que teñen tamén especial vulnerabilidade: mocidade ou vellez, racializadas, colectivo LGTBI...

As mulleres cobran menos na meirande parte dos sectores, en todos os niveis de formación, con calquera tipo de contrato e de xornada. Segundo os datos da Axencia Tributaria, no ano 2022 ráchase coa tendencia de diminución da **fenda salarial de xénero**, aumentando lexeiramente a respecto do ano 2021, ao se situar no 18.7 %, isto é, as mulleres cobramos de media 4.519€ anuais menos que os homes.

A maior parte das traballadoras teñen **xornadas parciais** porque non se lles ofrecen xornadas completas; en concreto, no ano 2021 dispuñan **de contratos indefinidos a tempo parcial** 15,8% das mulleres; en 2023 aumentaron ata ser o 20% das mulleres as que teñen este tipo de contrato, no caso dos homes pasaron do 5,6% en 2021 ao 7,9% en 2023. Se temos en conta o total **dos contratos indefinidos a xornada non completa, sumando temporais máis fixos/descontínuos**, o peso das mulleres é 2,5 veces superior ao dos homes.

Ao incremento da precariedade na contratación hai que sumar **máis desemprego e temporalidade** na modalidade de **contratación fixa descontinua**, o 60% dos persoas afiliadas á Seguridade Social con este tipo de contrato son mulleres. Unha situación de inestabilidade que redunda en salarios aínda máis baixos.

Para alén da fenda que ven dada polas formas de contratación, a maioría da forza laboral feminina concéntrase nas ocupacións relacionadas con roles e estereotipos tradicionalmente atribuídos ás mulleres, como o coidado, a limpeza ou traballos relacionados coas emocións. Estes traballos menosprezados nin tan sequera conseguiron unha mellor valorización despois de ser considerados como postos imprescindíbeis durante a crise da COVID19. Porque ao capital interésalle ter a poboación feminina nunha precariedade constante, xa que o lucro que obteñen coa súa forza de traballo é maior.

A meirande parte das mulleres seguen desenvolvendo actividades na esfera do traballo remunerado precario e o non pagado —o do coidado e limpeza no fogar—, para soste o recorte do gasto público en servizos sociais e de atención ás persoas, polo que seguen condenadas a asumir todas as tarefas extra, o cal as deixa nunha situación de sobrecarga e retroceso nos seus dereitos.

O capital ten deseñado perfectamente como ter unha clase traballadora empobrecida, na que se instaura por lei a inestabilidade e inseguridade laboral. Os diferentes gobernos entréganse á aprobación de permanentes reformas laborais, dentro dun proceso de desmantelamento, desregulación e flexibilización dos dereitos e condicións laborais, que vén acompañado do fomento dunha menor protección social. Polo tanto, a precariedade e os baixos salarios que estamos a sufrir teñen causa nas reformas laborais aprobadas.

Con esta última reforma laboral abriuse unha nova fase que nos últimos meses se foi pechando até completar un programa de reformas, como a da Formación Profesional, a do subsidio por desemprego, a das pensións e a da implantación dos plans de emprego de pensións, moi lesivas e regresivas para nós, as mulleres, xa que están feitas para satisfacer as exigencias da UE e recibir uns fondos europeos que están a hipotecar o noso futuro, sen ter en conta o impacto que estas reformen están a ter no empobrecemento das mulleres traballadoras.

Desde a CIG somos conscientes de que precisamos a mobilización social para conseguir a aprobación dunha nova lexislación laboral e social feminista, que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos e regulacións que nos fortalezan como clase traballadora galega. Son urxentes medidas eficaces para lograr unha valorización económica dos traballos e funcións feminizadas, que rematen coa precariedade, co empeoramento das condicións de traballo, co abuso da parcialidade e a contratación fixa descontinua, así como, coa temporalidade en todos os sectores de actividade tanto do ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas.

Temos a responsabilidade de construír unha alternativa desde os centros de traballo que rache coa paz social imposta e que non se subordine ao goberno aceptando a chantaxe de que senón ven a dereita. E son numerosos os exemplos de sectores en conflito que conseguiron mellorar as condicións de traballo coa súa loita, porque nin a patronal nin as administracións públicas están dispostas a compartir un anaco do seu pastel.

Sabemos que cada unha das conquistas en relación coa igualdade de xénero é resultado da loita feminista. É o momento de poñer novamente no centro das reivindicacións feministas a cuestión laboral.

**Polo avance nos dereitos das traballadoras galegas, mobilízate coa CIG este 8 de marzo!**

Consulta aquí o documento completo destas propostas.



**8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES TRABALLADORAS**

# 8 DE MARZO

DÍA INTERNACIONAL DAS  
MULLERES TRABALLADORAS

## MOBILIZACIÓNS NA MAÑÁ DO 8 de marzo

**11:30H A CORUÑA**, Subdelegación do goberno (Avda. Mariña 23)

**11:30H COMPOSTELA**, Praza 8 de Marzo

**11:30H FERROL**, Avenida Esteiro (local da CIG)

**12:30H AS PONTES**, Praza do Hospital

**11:00H BURELA**, Praza do Concello

**11:30H LUGO**, Edificio da Xunta

**11:30H PONTEVEDRA**, Hospital Provincial

**11:30H VILAGARCÍA**, Praza de Galiza

**11:30H VIGO**, Cruce da Dobrada

**11:30H CANGAS**, Capela do Hospital

**11:30H A GUARDA**, Praza As de Copas

**12:00H OURENSE**, Praza Maior



# TRABALLO DIGNO E IGUALDADE



*Secretaría das mulleres*



Confederación Intersindical Galega

[www.cig.gal](http://www.cig.gal)



*Secretaría das mulleres*